

Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e a Fundación María José Jove e a Fundación INGADA para a difusión e fomento, entre o profesorado dos centros educativos de Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Formación Profesional, dun programa de formación para o tratamento do alumnado con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade

En Santiago de Compostela.

REUNIDOS

Dunha parte, Don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024 do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante Consellería).

Dona **MARÍA FELIPA JOVE SANTOS**, con DNI 32794709K e domicilio, a estes efectos, no Polígono da Grela (Rúa Galileo Galilei, 4 A, Edificio Work Center, 15008, A Coruña), presidenta da Fundación María José Jove, con CIF G15870140, que actúa en nome e representación desa institución,

E don **ÁNGEL CARRACEDO ÁLVAREZ**, con DNI 33223018R e domicilio, a estes efectos, no Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela (edificio Consultas, planta 2, 15706, Santiago de Compostela), presidente da Fundación INGADA (Instituto Gallego del TDAH y Trastornos Asociados), con CIF G70394374, que actúa en nome e representación desa institución,



MANIFESTAN

1. Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

2. Que a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no seu artigo corenta e nove ter. 2. di que "Corresponde ás Administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado". Esa mesma lei, no seu artigo corenta e nove quáter, establece que as Administracións educativas poderán colaborar con outras Administracións ou entes públicos ou privados, institucións ou asociacións, para facilitar a escolarización, unha mellor incorporación deste alumnado ao centro educativo, a promoción do éxito educativo e a prevención do abandono escolar temperán, e no artigo 102, que "A formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado, e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros".

3. Que o artigo 40 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que "A consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as



distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas”.

4. Que o Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación (LOE), en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, dispón, no seu capítulo II, a planificación da formación permanente do profesorado, que se articulará mediante os correspondentes plans anuais e estratéxico, competencia da Administración educativa por medio da dirección xeral competente en materia de formación permanente do profesorado.

5. Que a Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia, dispón, no seu artigo 12.1, a posibilidade de subscribir convenios entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e outras entidades e institucións, públicas ou privadas, sen ánimo de lucro, que estean vinculadas coa educación; entidades ou institucións que adquiren a condición de entidades colaboradoras.

6. Que a Fundación María José Jove é unha entidade sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, entre os que se encontran os de interese social, que se estruturan arredor de catro grandes áreas de traballo: Promoción Cultural, Saúde, Educación e Formación e Ocio e Tempo Libre Responsable. E para a consecución deses fins promove, entre outras, a realización de actividades dirixidas a persoas con discapacidade e á infancia.

7. Que a Fundación INGADA é unha entidade sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, entre os que se encontran os de dar asistencia integral a persoas afectas polo TDAH e trastornos asociados en Galicia.

8. Que a Fundación María José Jove e a Fundación INGADA pretenden colaborar coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional na



formación do profesorado dos centros educativos de educación primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional respecto da intervención educativa co alumnado con TDAH.

9. Que tanto a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional como a Fundación María José Jove e a Fundación INGADA teñen a vontade de sumar os seus esforzos na atención ao alumnado con TDAH, camiñando na consolidación dunha escola inclusiva, presidida polos principios de integración, normalización e personalización da resposta educativa.

En atención a estas consideracións, as partes reunidas teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da formación do profesorado para o tratamento do alumnado con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH).

En consecuencia, a Consellería e as fundacións María José Jove e INGADA acordan subscribir este convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio*

O convenio ten por obxecto establecer un marco de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as fundacións María José Jove e INGADA (en adiante, as fundacións) para recoñecer o interese educativo das accións formativas do profesorado dos centros educativos de educación primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia respecto da intervención educativa para co alumnado con TDAH que pretenden desenvolver as dúas fundacións citadas.

Segunda. *Compromisos das fundacións María José Jove e INGADA*

1. As fundacións comprométense a organizar e desenvolver un curso de formación sobre O TRATAMENTO DO TDAH DESDE O ÁMBITO EDUCATIVO, destinado a douscentos docentes dos centros educativos de educación primaria,



secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O curso de formación impartirase no segundo trimestre do ano académico 2024-2025, contará con 210 prazas e 25 horas de duración; das cales 16 horas serán de formación teórica e 9 horas de formación práctica para a realización dun proxecto final por cada unha das persoas asistentes, que deberá ser aprobado polo equipo docente do curso.

3. Como resultado do curso indicado, as fundacións convocarán unha bolsa, denominada: BOLSA TDAH FUNDACIÓN MARÍA JOSÉ JOVE – FUNDACIÓN INGADA. Esta bolsa, cunha contía de 3.000 €, doada pola Fundación María José Jove, concederase a un só dos proxectos aprobados que realicen as persoas asistentes ao curso, que voluntariamente o presenten, e que será seleccionado por un comité avaliador multidisciplinario, independente do equipo docente do curso e composto por persoas con ampla experiencia na abordaxe do TDAH.

Terceira. *Compromisos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades*

1. Para conseguir o obxectivo deste convenio a consellería dará difusión, entre o profesorado dos centros educativos de educación primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia, do curso de formación sobre O TRATAMENTO DO TDAH DESDE O ÁMBITO EDUCATIVO, que desenvolven as fundacións.

2. Así mesmo, a consellería dará soporte técnico á actividade por medio da Rede de Formación Permanente do Profesorado: Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) e os 6 centros de formación e recursos (CFR), incluíndo o labor de xestión da inscrición das persoas participantes, trasladando ás fundacións a información necesaria para a organización da actividade.

3. A consellería comprométese ao recoñecemento do curso de formación sobre O TRATAMENTO DO TDAH DESDE O ÁMBITO EDUCATIVO como actividade de formación permanente do profesorado, para os efectos do establecido na Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia.



Cuarta. Financiamento

Este convenio non leva consigo apareladas obrigas económicas para ningunha das partes.

Quinta. Relacións laborais

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal das fundacións María José Jove e INGADA e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Sexta. Comisión de seguimento

1. Para o seguimento do presente convenio constituirase unha comisión mixta, formada polo secretario xeral de Educación e Formación Profesional, ou persoa en quen delegue -que actuará como presidente-, a presidenta da Fundación María José Jove, ou persoa en quen delegue, e a vicepresidenta da Fundación INGADA, ou persoa en quen delegue -que actuará como secretaria.

2. A comisión reunirase, con carácter ordinario, ao remate do ano académico 2024-2025, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión. Con carácter extraordinario reunirase sempre que o solicite calquera das partes.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

- a) Promover e velar polo adecuado desenvolvemento deste convenio.
- b) Realizar unha memoria sobre o funcionamento do convenio, considerando o curso desenvolvido.
- c) Resolver calquera dúbida que se xere respecto deste convenio, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



Sétima. *Natureza e réxime xurídico*

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, a súa interpretación, cumprimento e execución corresponderá aos tribunais contencioso-administrativos, tralo esgotamento da vía administrativa.

Oitava. *Protección de datos e confidencialidade*

As partes comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Novena. *Transparencia*

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.



Décima. Resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo primeira. Vixencia

O presente convenio estará en vigor desde a súa sinatura ata o 30 de xuño de 2025, podendo prorrogarse, de ser o caso, mediante a correspondente addenda. Así mesmo, poderá revogarse por vontade de calquera das partes e en calquera momento da súa vixencia, notificándoo cunha antelación de dous meses ás outras partes. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a modificación do seu prazo de execución.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima das prórrogas do convenio non poderá superar o límite temporal establecido.

Décimo segunda. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios





profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Lido o Convenio asíñase dixitalmente polas partes.

POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL,
O CONSELLEIRO,

Román Rodríguez González

POLA FUNDACIÓN MARÍA JOSÉ JOVE,
A PRESIDENTA,

María Felipa Jove Santos

POLA FUNDACIÓN INGADA,
O PRESIDENTE,

Ángel Carracedo Álvarez

